

# Os antropónimos femininos no cancionero popular galego

LAURA MARIÑO TAIBO  
Universidade da Coruña

## Resumo

O cancionero popular galego preséntasenos como unha importante fonte a que recorrer para o estudo da onomástica en xeral, e da antroponimia en particular, do século XIX, centuria en que se recompila un importante corpus. A través do estudo dunhas catro mil cantigas veremos o estado da antroponimia feminina naquela altura, completando ademais esta visión con estudos realizados sobre outros documentos de épocas anteriores, como o Catastro de Ensenada, e mesmo facendo referencias puntuais á evolución do nome co pasar do tempo, todo desde un punto de vista sociolingüístico. Son varios os piares en que nos apoiamos: nomes que aparecen e con que frecuencia, influencia da Igrexa na antroponimia, presenza de nomes do ámbito relixioso, grao de penetración do español etc. Coidamos que o estudo da antroponimia no cancionero popular pode resultar de grande interese, en tanto que estamos ante composicións populares e de orixe espontánea que se achegan máis á realidade lingüística da época do que documentos de índole legal. Dando por certo o tópico de que «a escolla dos nomes é cuestión de modas», vexamos pois cales eran esas «modas» arredor dos século XIX.

**Palabras chave:** Cancionero popular, antroponimia feminina, sociolingüística.

## Abstract

Galician folk songs are an important source for the study of onomastics in general and anthroponymy in particular in the 19th century, a time in which an important corpus was compiled. Through the study of about four thousand folk songs we will try to show the status of feminine anthroponymy in that time. We shall complete this analysis with studies of other documents from previous centuries, as the Catastro de Ensenada, and we will even make occasional references to the evolution of names throughout time, always from a sociolinguistic point of view. Our study relies on several pillars: the appearance and frequency of appearance of names, the Church's influence on anthroponymy, the presence of names from a religious realm, the grade of penetration of Spanish language, etc. We hold that the study of folk songs in anthroponymy can be of great interest, due to the fact that we are dealing with popular songs of spontaneous origin, which are closer to the linguistic reality of the time than documents of legal nature. By taking into consideration the commonplace that »the choice of names is a matter of fashion«, we shall question these 19<sup>th</sup> century «fashions».

**Key words:** Folk songs, women Anthroponymy, Sociolinguistics.

**N**omes de pía, hipocorísticos, apelidos ou alcumes. Son estas palabras que teñen en común o feito de seren unha parte fundamental para o individuo como ente que é dunha sociedade, son elementos que constrúen a súa designación como suxeito diferenciado e único. A importancia de nomear é un aspecto de carácter vital; nada existe se non ten un nome que o designe, pois todo o que nos rodea ten unha «etiqueta» pola cal é coñecido. Nunha casa, por exemplo, podemos ter dez cadeiras ou vinte garfos mais non pode haber seis persoas que teñan exactamente o mesmo nome pois, socialmente, precisan de se identificaren de maneira individual:

El nombre común es el triunfo de la abstracción humana, representa la capacidad para organizar el universo en grupos, clases, géneros y para hacer asequible su vasta infinitud y pluralidad a nuestro intelecto. Pero el nombre propio es otra cosa: es la etiqueta aplicada al sujeto, el *rótulo de identificación social* (Albaigès, 1995: 18).

Un nome é algo máis do que unha serie de sons a través dos que denominamos as persoas. Agocha tras de si un significado que, embora etimoloxicamente estea máis ou menos claro para os estudosos, evolúe ao longo dos séculos; non ten a mesma significación social ter o nome de *Antón* ou *María* hoxe do que representaba séculos atrás. Mentres antigamente os pais tiñan como referente a relixión católica para a imposición destes nomes, hoxe en día as razóns da escolla do antropónimo pouco teñen a ver con isto. Así, aqueles proxenitores que deciden nomear coa designación de *María* a súa filla, adóitanos facer por cuestións de gusto persoal, porque lles «soa ben» ou, inconscientemente, pola aceptación social do nome; mais non é común que haxa baixo esa escolla condicionamentos de tipo relixioso.

A onomástica é un ámbito dos estudos lingüísticos con bastantes achegas e que esperta o interese de moitos investigadores. Para o estudo da antroponimia no século XIX son varios os documentos que se teñen investigado, fundamentalmente os catastros<sup>1</sup>, os libros de bautizados e os libros de fábrica<sup>2</sup>. Nestes documentos a realidade antroponímica non é totalmente fiable, en tanto que a castelanización é practicamente sistemática. Non esquezamos que a lingua da Igrexa era o español e nesta lingua eran rexistrados os novos fieis, aínda que na súa vida cotiá o nome empregado fose o galego.

Xulgamos que un estudo da antroponimia no cancionero tradicional galego do século XIX pode achegar datos interesantes e útiles do uso real dos nomes persoais. Estamos ante composicións populares saídas da boca do pobo, que, se ben é certo que sufriron un proceso de transcripción no cal puideron ser vítimas de certas deturpacións, son unha reprodución máis ou menos fiel da lingua da época e da sociedade en xeral.

O noso obxectivo fundamental é ofrecermos unha pequena achega á antroponimia desde un campo que está aínda por explotar, como é o cancionero de tradición oral, que foi

<sup>1</sup> O catastro máis importante e do que botamos man neste estudo é o Catastro do Marqués de Ensenada, elaborado entre 1750 e 1754 en toda a Coroa de Castela. O número de mulleres que aparecen rexistradas é moito menor do que os varóns, pois a muller non era suxeito legal cando estaba viúva ou se non había un home que a representase. Os casos en que non se dan estas circunstancias son os que aparecen recollidos no catastro.

<sup>2</sup> Libros parroquiais onde se anotaban os gastos e os ingresos da comunidade pertencente á freguesía.

utilizado para numerosas investigacións xa que o seu carácter oral reflicte os usos lingüísticos reais da época, coa importancia que isto ten ao seren limitados os documentos de orixe oral de que dispomos neste período, razón que nos levou a seleccionalo como fonte para este estudo da antroponimia feminina.

## CRITERIOS E METODOLOXÍA


Para a elaboración do corpus de nomes, tomamos como base un total de 3.809 cantigas extraídas da compilación feita por Domingo Blanco, *A poesía popular en Galicia 1745-1885* (desbotando as cantigas do XVIII). Non só nos decantamos por esta obra por ser a máis completa, senón tamén polo rigor científico do seu autor, cuxas abundantes publicacións sobre literatura popular e participación en congresos e outros eventos relativos a este tema nos ofrecen a confianza suficiente como para sabermos que estamos a traballar con textos fiábeis.

Un aspecto moi a ter en conta e que precisa dunha aclaración previa é o tratamento dos nomes galegos e españois. Serán incluídas baixo a mesma designación tanto as formas castelás como as propias do país; deste xeito, pretendemos que se vexa de maneira clara e xa desde unha primeira ollada, o contraste entre o número de formas nun e noutro idioma, mais tendo claro que se trata de realidades pertencentes a dous sistemas lingüísticos diferenciados. En moitas das ocasións o uso do español nas denominacións coincide con casos en que se está a nomear algunha santa ou virxe. No anexo final que elaboramos, alén de expoñer os nomes coas súas correspondentes aparicións no corpus, especificaremos se estes antropónimos se están a referir a personaxes do ámbito relixioso ou non. Deste xeito poderemos ver en que casos se emprega ou non o español para a designación de entidades que teñen a ver coa Igrexa.

Das cantigas analizadas extraemos un total de 271 ocorrencias para 69 nomes. Algúns destes son usados conxuntamente en nomes duplos, aínda que non son os máis frecuentes; concretamente, achamos dez nomes compostos<sup>3</sup>, nos cales triunfa o nome de *María*: sete veces como nome principal e unha como nome secundario.

Outro elemento que quixemos ter en conta son os hipocorísticos, aínda que só de maneira anecdótica, non só por seren formas que se refiren directamente a persoas, senón tamén por, en moitas ocasións, seren formas autóctonas galegas coas que, polo menos no XIX, semella non puideron combater outros hipocorísticos propios da lingua española. Contamos cun total de seis hipocorísticos (que fan referencia aos nomes de *Catarina*, *María* e *Xosefa*) que aparecen en 65 ocasións, datos numéricos que preferimos non incluír para as porcentaxes dos nomes propios.

<sup>3</sup> Estes nomes compostos son: santa *María Adina*, *María Antonia*, *María Benita*, *María do Carmen*, *María Manuela*, *Mariquiña Manuela*, *María Rosa*, *Ana María*, *Pepa Xoana* e *Pepa Rosa*.



Dos 69 nomes que rexistramos, 35 só aparecen nunha ocasión<sup>4</sup> e oito en dúas<sup>5</sup>. En datos porcentuais, case o 62% do total das designacións aparecen dúas ou só unha vez. Doutro lado, o nome máis empregado, *María*, aparece en 57 ocasións, é dicir, un só nome ten máis ocorrencias que 35 antropónimos que só aparecen unha vez. Por tanto, observamos como, aínda sendo notábel a variedade de nomes, continúa a ser un o que predomina con moita diferenza por enriba dos demais.

## NOMES MÁIS FRECUENTES

Os tres nomes que máis aparecen no cancionero son *María*, *Rosa* e *Xoana*. Malia agrupármolos na mesma epígrafe, a porcentaxe de ocorrencias de *María* a respecto dos outros dous antropónimos é moi superior, situándose nun 21% fronte ao 10% de *Rosa* e o 5,16% de *Xoana*. Vemos como de 69 nomes que rexistramos, só tres acaparan máis dun terzo do total das ocorrencias (36,1%)<sup>6</sup>.

Como dicíamos, *María*<sup>7</sup> é o nome que encabeza a listaxe dos máis empregados, usado en 57 ocasións, moi lonxe das 27 do nome que o segue. A vitalidade non decae co pasar dos anos e continúa a manterse como un dos nomes predilectos na nosa sociedade, seguramente por ser o nome da *María* máis famosa de toda a historia, a nai de Xesucristo. Curiosamente, a presenza da Virxe e santa con este nome non é excesivamente frecuente no cancionero, situándose o número de ocorrencias de carácter relixioso case no 30%. Porén, o seu éxito é incuestiónabel;

<sup>4</sup> *Adina, Angustias, Caridade, Camiño, Crus, Emilia, Esclavitú, Eufemia, Eusebia, Gracia, Irena, Irena, Iria, Milagros, Neves, Praceres, Rosario, Susana, Unxia* (estes referidos a santas); *Albela, Aldonza, Balbina, Bernalda, Cayetana, Clara, Consuelo, Esperanza, Felipa, Mercedes, Micaela, Pascuala, Pastora, Paula, Silvana, Silvela, Soledá*.


<sup>5</sup> *Cristina, Liberata, Mariña, Minia, Remedios, Socorro* (referidos a santas); *Xacoba, Xuliana*.

<sup>6</sup> Saavedra (1991: 42) di que os nomes máis frecuentes no século XVIII eran *María, Ana, Antonia, Rosa, Xoana* e *Catarina*. Como vemos os tres máis empregados no cancionero aparecen na listaxe.

<sup>7</sup> Alén das súa presenza como nome, aparece corenta e cinco veces baixo catro hipocorísticos diferentes: *Maruxa* (5), *Maruxiña* (23), *Marica* (9) e *Mariquiña* (8).

das 165 ocorrencias que designan a mulleres do común, o 23% corresponde a *María*, porcentaxe bastante alta se considerarmos que o seguinte nome con máis ocorrencias non relixiosas é o de *Rosa*, cunha porcentaxe do 15,4%.

Estas referencias relixiosas a *María* divídense entre as que fan mención explícita á Virxe (catro), aquelas outras en que se refire a *María* como santa (nove) e casos en que se fala das tres *Marías* (catro), en alusión á Virxe *María*, a *María* Madalena e *María* de Cleofás (ou *María* Salomé, dependendo das versións), mulleres que descubriron o sepulcro baleiro de Xesucristo e, por tanto, a súa resurrección.



Os contextos en que aparece este nome de orixe latina son de carácter popular e algúns inclusive con matices irónicos e humorísticos, onde o nome de *María* non ten porque estar a designar unha muller concreta e identificada na sociedade; a popularidade e extensión do nome fai que este sexa visto como o antropónimo por excelencia entre as mulleres, de aí que calquera señora, teña ou non esa forma como nome de pía, poida ser designada con el<sup>8</sup>. A esta hipótese de *María* ser empregado en moitas ocasións como nome xénerico contribúe o feito de nalgunhas cantigas aparecer acompañada de nomes tan comúns entre os varóns como *Farruco* ou *Manoel*.

Nos diferentes Catastros de Ensenada consultados, como os de Betanzos<sup>9</sup>, Cangas do Morrazo<sup>10</sup> e Coristanco<sup>11</sup>, o éxito do nome é incuestionábel, cunhas porcentaxes do 28%,

<sup>8</sup> Téñase en conta que dos corenta poemas onde aparece *María*, ao menos en sete deles o nome está en posición de rima; é obvio que si se pode estar facendo mención dunha *María* real aínda que tamén existen bastantes posibilidades de que o nome empregado sexa ese por mor de cuestións rimáticas e se recorra a *María* por ser dos nomes femininos máis coñecidos na sociedade.

<sup>9</sup> Muíño Naveira (2006) documenta 612 rexistros para un total de 58 nomes.

<sup>10</sup> O corpus de nomes femininos está composto de 55 rexistros para 24 nomes, por tanto, as porcentaxes extraídas deben ser analizadas con cautela pois o número de mostras é reducido (Cordeleiro Moledo / Varela Pombo, 1999).

<sup>11</sup> Neste concello bergantiñán investigado por nós, o número de rexistros femininos é de 86 e 31 nomes diferentes.

37,2% e 30,9%, respectivamente. Nos libros de bautismos da parroquia vimiancesa de Berdoias (A Coruña) estudados por Lema Suárez (1993, 2004), o uso deste nome tamén ronda o 32% desde comezos do XVII até 1860. Durante o século XX a tendencia de uso deste nome seguirá o mesmo curso até o día de hoxe, en que este antropónimo é un dos predilectos polos pais galegos, ao carón doutros de fonética semellante, como *Laura*, *Sara* ou *Lucía*.

Moi por embaixo das porcentaxes de uso de *María* sitúase o nome de *Rosa*, o segundo que máis veces rexistramos no cancionero (10%) e, a diferenza doutros moitos nomes, nunca referíndose á santa dese nome nin a ningunha figura relixiosa. Das 27 veces que o antropónimo aparece no cancionero, 12 faino baixo a forma completa de *Rosa* e 15 co nome en diminutivo. É este un dos nomes en que o uso do diminutivo ten unha grande rendibilidade na lingua oral que transmiten as cantigas. É moi habitual o xogo entre *Rosa* e *Rosiña* no mesmo poema e abundan os casos en que se aproveita a orixe do nome para establecer relacións entre a persoa que leva o nome e a flor.

Até mediados do século XVIII, en Berdoias o nome sitúase no vixésimo posto e cunha porcentaxe de uso de tan só o 0,88%, para incrementarse até o 3,17% na centuria seguinte e ser o oitavo nome de máis éxito. En Cangas do Morrazo e Coristanco o seu uso é do 5,45% e do 5,8% respectivamente. Deducimos que o suceso do nome foi en aumento durante o século XIX para, a partir da década dos cincuenta do seguinte século, caer en desuso como nome simple e a partir dos setenta tamén como elemento do nome composto.


O terceiro nome máis frecuente é o de *Xoana*, cuxa aparición, ao igual que *Rosa*, non está relacionada co mundo relixioso; alén diso, aparece sempre coa forma galega, o cal pode indicar como o seu uso na sociedade viña xa de antigo, pois, de ser de introdución recente, é probábel que a forma dominante fose a española. O nome ten unha porcentaxe do 5%, con 14 ocorrencias que se distribúen entre a forma plena (sete) e diferentes formas en diminutivo (sete). Igual que acontecía con *María*, a popularidade do nome fai que poida ser empregado como unha forma xenérica de se referir a unha muller, como claramente demostra a seguinte cantiga onde se alude a unha suposta muller folgazana: *Xoana mengana / muller do azor, / váisell' o tempo / en andar darredor*.

Tanto nos libros de bautismo de Berdoias como nos Catastros de Ensenada que manexamos, a única forma que aparece é a española; nin sequera temos variantes con <o> que nos deixasen na dúbida da pronuncia real da <j>. En Berdoias o seu uso sitúase arredor do 4% no século XVII e no 6% cara 1860. Estas cifras son menos positivas en Cangas do Morrazo (3,6%), e Coristanco (1,16%) aínda que no catastro de Betanzos ten un uso notábel cunha porcentaxe do 6%.

## NOMES BASTANTE FRECUENTES

Nesta sección trataremos unha serie de nomes cuxas ocorrencias van desde as once (4%) até as sete (2,6%) respectivamente. Estes oito antropónimos constitúen o 11,6% do total de nomes que forman o corpus e as súas ocorrencias compoñen case o 22% de todos os rexistros femininos que documentamos.

O cuarto nome que máis presenza ten no cancionero é o de *Carme*, cuxo uso é case exclusivamente relixioso xa que aproximadamente o 82% das súas aparicións teñen a ver coa virxe deste nome. Como antropónimo feminino tan só ten dúas ocorrencias, formando parte do nome composto *M<sup>a</sup> do Carmen*. Canto ao uso da forma española ou da galega, predomina con moito a primeira; o nome galego só aparece en dúas ocasións. O feito de o culto á Virxe do *Carme* comezar a ser introducido tardiamente, no século XVIII, reflíctese ben na antroponimia da época. Nos libros de bautismo de Berdoias non temos ningún testemuño deste nome, mais si da forma *Carmela*, mais non até a primeira metade do século XIX. Tampouco nos catastros de Ensenada de Coristanco e Cangas do Morrazo se rexistra ningunha muller cos nomes de *Carme* ou *Carmela*. Mais no século XX o nome acadará unha porcentaxe de uso considerábel, sobre todo como parte do composto español *María del Carmen*, nomeadamente dos anos corenta aos setenta, onde a forma composta e a simple serán dos nomes máis empregados na sociedade.



A seguir, temos o nome de *Manuela*, con nove ocorrencias e unha porcentaxe de uso do 3,3%. Máis unha vez, estamos ante unha designación que sempre se está a referir a mulleres do común e nunca a figuras relacionadas coa relixión. Triunfa a forma plena (sete) fronte ao diminutivo (dúas). Como acontece con *Xoana*, estamos ante unha designación cuxa aparición é posíbel estar ligada ao éxito do nome masculino, a partir do cal que se forma. Todo semella indicar que a forma feminina non tardou moito tempo en ser dos nomes máis usados, e é a segunda metade do XVIII o momento en que parece consolidarse o seu uso, se ben o seu reflexo nos documentos que manexamos é bastante esporádico e mesmo inexistente, como en Coristanco. En Berdoias pasa dun 0,66% de uso até 1760 para, cen anos despois, ter unha porcentaxe moi superior, do 8,76%. Igual que outros antropónimos que temos analizado, será nos anos setenta cando o uso do nome descenda bruscamente para non recuperarse, polo menos até o día de hoxe.

Con case un 3% de porcentaxe de uso e un total de ocorrencias de oito, temos os nomes de *Mariana* e *Marta*. A diferenza fundamental entre estes nomes é o feito de *Mariana* nunca se referir a ningunha figura relixiosa en tanto que *Marta* é un nome cuxas aparicións, agás unha, teñen a ver coa santa de tal nome. A presenza que semella ter *Mariana* na nosa

onomástica é bastante escasa. Nin no Catastro de Ensenada de Cangas do Morrazo nin no de Coristanco aparece ningún rexistro con esta forma. Nos libros de bautismo de Berdoias tan só aparece unha vez, concretamente na primeira metade do XVIII. Canto ao seu uso en época contemporánea, a situación non varía moito, pois non aparece nunca dentro dos vinte nomes de máis suceso na Galiza, nin tampouco dentro dos cincuenta de maior frecuencia no Estado español

Pola súa banda, *Marta* ten en común con *Mariana* o ser un nome apenas coñecido séculos atrás; é máis, en ningún dos documentos que manexamos hai constancia de rexistros con esta forma. Como xa comentamos, das nove referencias que temos no corpus do cancionero, só unha non ten a ver co catolicismo, en tanto que as outras oito fan referencia directa á santa de tal nome, frecuentemente aludindo á romaría de Santa *Marta* ou á patroa do concello de Ortigueira. En ningún dos documentos que temos como referencia rexistramos o nome de *Marta*, o que pode ser síntoma da introdución tardía do culto a esta santa ou ben que este estaba reducido a unhas áreas moi concretas. Porén, a situación muda totalmente no século XX, sobre todo a partir da década dos setenta, en que se situará como un dos dez nomes de máis uso no país, éxito que continúa na actualidade.

Con seis ocorrencias e unha porcentaxe de case o 2,6% temos unha serie de catro nomes, *Ana*, *Antonia*, *Isabel/Sabela* e *Teresa*. Neste grupo non hai ningún nome que sexa exclusivamente relixioso; porén, si temos dous nomes exclusivamente usados en contextos profanos, *Antonia* e *Teresa*. Os outros dous dividen o seu uso entre a referencia relixiosa e a profana, embora con diferenzas notábeis como veremos.

O antropónimo *Ana* aparece xa antes da época cristiá na *Eneida* de Virxilio designando a irmá de Dido, mais, sen dúbida, o seu progresivo uso vén dado a partir do culto relixioso á nai da Virxe María, que non se popularizará en Occidente até o Renacemento. No cancionero, o 43% das ocorrencias de *Ana* son de tipo relixioso e só unha fai referencia directa á nai da Virxe; as outras semellan referirse a lugares que están baixo a advocación desta santa. O 57% das ocorrencias restantes son de carácter pagán, en que é frecuente aludir á beleza dos ollos de *Ana*, inclusive aos de *Ana María*, nome composto que aparece nunha ocasión entre todas as cantigas analizadas. Se no cancionero a súa presenza é notábel, esta non o é menos nos diferentes documentos que manexamos. Nos libros de bautismos de Berdoias até 1760 ocupa a novena posición (2,87%), mentres que desde esa década até cen despois o nome simple non será imposto a ningunha meniña, aínda que si a forma composta *Ana María*, aínda que só en tres casos (0,55%); o Catastro de Ensenada recolle tres ocorrencias en Cangas (5,45%) e catro en Coristanco (4,65%). Claramente non é o nome máis empregado mais o seu uso é notábel. Con todo, no século XX non aparecerá dentro dos vinte nomes de máis uso até a década dos cincuenta, no nome composto de *Ana María*, de grande éxito até os anos setenta<sup>12</sup>. Nestes

<sup>12</sup> Nesta década entra dentro dos vinte antropónimos femininos máis frecuentes o nome composto de *Ana Belén*, concretamente arredor do décimo primeiro posto. A partir desta década, o uso deste nome, e doutros compostos como *Ana María*, experimentará un progresivo descenso tal e como se pode ver nos datos ofrecidos polo Instituto Nacional de Estadística.



anos comeza a ter máis presenza a forma simple, aínda que non será até os oitenta cando a súa popularidade se confirme e se consolide até o día de hoxe.

A aparición do nome de *Sabela* ou *Isabel* no cancionero é moi ilustrativa de varias situacións que xulgamos habituais na sociedade do XIX e inclusive no XVIII. O nome aparece tan só nunha ocasión referido á santa de tal nome e, non por casualidade, tamén é a única ocasión en que o nome aparece baixo a forma *Isabel*, coincidente co español; é dicir, semella que na lingua oral era un nome bastante descoñecido mais, neste caso, ao se estar a referir á santa, si se emprega a forma menos coñecida. O nome aparece na Biblia baixo a forma grega *Elisábet* e a latina *Elisabet*. Segundo Ferro Ruibal (1992: 467), a forma *Isabel* foi unha innovación propiamente hispánica, que trocou o *-et* en *-el* e elidiu o *el-* inicial, talvez por certa confusión co artigo. Se consideramos os documentos que analizamos, en Berdoias, até 1761 o nome ten unha porcentaxe de uso bastante reducida do 0,88%; nos cen anos seguintes o uso minguará até o 0,37%. Pola súa banda en Cangas do Morrazo nin sequera aparece, mentres que en Coristanco é un dos dez nomes máis empregados, cunha porcentaxe do 3,5% (sempre coa forma coincidente co español); mentres, en Betanzos é un dos nomes de máis éxito, cun 6% de uso, á par de *Dominga* e *Xoana*. Canto ao século XX, introdúcese como un dos vinte nomes máis frecuentes arredor da década dos corenta, para nos anos setenta deixar esta listaxe. Neste tempo estará acompañado polo nome composto *María Isabel*, de grande popularidade. A partir desta década tanto un como outro antropónimo perden uso. Polo contrario, o nome autóctono de *Sabela* terá un pulo considerable a finais dos noventa.

*Antonia*, pola súa banda, é un nome cuxa aparición non está nunca ligada a ningunha figura relixiosa; por tanto, podemos pensar que as porcentaxes de uso poden achegarse ou darnos unha idea da situación do nome na segunda metade do XVIII e no XIX. Hai que destacar como, das sete veces que o nome aparece, en cinco delas o fai como nome secundario da formación *María Antonia*. Nos outros dous casos é usado en plural como nome xenérico ao lado de *María*, *Ana* (ou *Pepa*) e *Xuliana*, tal e como foi explicado ao falarmos do nome de *María*. Igual que os nomes femininos de *Xoana* ou *Manuela*, estamos novamente ante outra forma feminina formada a partir do antropónimo masculino. Fica claro que o éxito de *Antonio* e *Antón* ao longo dos séculos foi moi grande e, moito posibelmente, esa popularidade propiciase a creación do seu correspondente feminino. De feito, igual que o uso de *Antonio* era tremendamente importante xa no século XVII, tamén nese século documentamos un suceso considerábel de *Antonia*. Poden servirnos de guía os datos da parroquia vimiancesa de Berdoias. No século XVII *Antonia* era dos nomes que máis se empregaba, cunha porcentaxe do 4,31% a cal se verá incrementada na primeira metade do século seguinte, até acadar o 6%. Estas cifras baixarán considerabelmente nos cen anos seguintes, até o 1,3%. Pola súa banda, no Catastro de Ensenada de Cangas do Morrazo só se documenta unha *María Antonia*, mentres que en Coristanco rexistramos o nome simple cunha porcentaxe do 3,5%, que o sitúa como un dos nomes de máis éxito, suceso que se repite en Betanzos, onde sube até o 7%, e é, xunto con Francisca, o terceiro antropónimo que máis se documenta. Durante o século XX o nome vai perdido importancia xa desde as primeiras décadas. Esporadicamente aparece nalgunha ocasión dentro dos vinte primeiros nalgunha provincia

do Estado español como nome simple (unicamente na Coruña nos anos vinte e trinta e en Ourense nos corenta)<sup>13</sup>.

O nome de *Tareixa* é outro exemplo de antropónimo netamente profano, aínda que a forma galega é inexistente en todo o cancionero e só rexistramos a variante coincidente co español. A procedencia deste nome, frecuente na Idade Media, parece vir da forma primitiva *Tarasia*, de escura orixe, que evoca os xentilicios gregos *Tarasía / Tarasios*; tamén se contempla a hipótese de que teña relación coa illa de Thera (actual Santorino); de todas as formas, non hai a seguranza de que sexa grega a súa raíz última (Ferro Ruibal, 1992: 497) O que si sabemos é que este nome se difundiu por toda a Europa a partir da península ibérica. As formas galegas están documentadas desde moi antigo e a popularidade de santa *Teresa* de Ávila (século XVI) axudou a difundir o uso da forma coincidente co español. Da súa aparición no cancionero pouco hai que comentar, na maioría das cantigas semella ser un home o suxeito lírico dun poema onde está a despedirse da súa namorada ou alude a outros elementos da dama. Noutros poemas faise referencia a unha *Teresa* alegre e sabedora da arte de tocar o pandeiro ou bailadora e festeira a esgalla. Tan só nunha ocasión aparece identificada a persoa que leva este nome; trátase de *Teresiña de Tanarro*. A presenza deste nome na Galiza como un dos máis empregados remóntase ao século XV, cando a forma *Tareija* era o terceiro antropónimo feminino máis usado segundo a listaxe de Boullón Agrelo e Tato Plaza (1998/1999). O uso nos séculos posteriores parece decaer; así, en Berdoias, por exemplo, aparece só en dúas ocasións (0,44%) durante todo o século XVII e as seis primeiras décadas do XVIII. Na segunda metade do XVIII e a primeira do XIX o seu uso aumentará levemente até un 0,77%. Pola súa banda no Catastro de Ensenada de Cangas do Morrazo non se rexistra esta forma mentres que en Coristanco a súa presenza redúcese a un só rexistro. Canto aos datos do século XX, a forma simple non tivo demasiado éxito. Porén, o composto *María Teresa*, si tivo moita popularidade desde os anos corenta até os setenta, chegando inclusive a situarse dentro dos dez nomes máis empregados.

En moitos dos nomes que analizamos, os anos setenta-oitenta serán un momento clave que marcan unha importante mudanza na nosa onomástica e tamén na de todo o estado español. Nomes considerados tradicionais como Carme, Rosa ou Teresa e cuxo uso era notábel, verán minguada a súa vitalidade e mesmo algúns, aqueles vistos como máis antigos, practicamente desaparecerán á hora de nomear a xente máis nova. Pola contra, os medios de comunicación e a emigración, fundamentalmente, introducirán nos oitenta e nos noventa, unha inxente colección de nomes foráneos totalmente descoñecidos até o momento, que mesmo convirán en formas compostas cos nomes autóctonos, non sendo descoñecidos antropónimos como Stella do Carme ou María Jennifer. Porén, tamén asistimos á corrente contraria, á recuperación dos nomes autóctonos así como á revitalización doutros nomes que, embora coincidentes co español, como é o caso de Lucía ou Marta, xa estaban presentes na nosa sociedade séculos atrás, como se manifesta nesta investigación.

<sup>13</sup> Véxanse os datos que nos ofrece o Instituto Nacional de Estadística a este respecto.

## CONCLUSIÓNS

De maneira xeral, temos unha importante variedade de antropónimos, con 69 nomes diferentes para un total de 271 ocorrencias. De facermos unha media aritmética, cada nome aparecería catro veces ao longo do cancionero. Na realidade, máis da metade dos antropónimos teñen unha soa ocorrencia mentres que os tres que máis aparecen (*María*, *Rosa* e *Xoana*) abraxen o 36% de uso. Por outra banda, e aínda que o seu tratamento neste artigo foi anecdótico e reducido a datos (que non se incluíron nas cifras totais dos antropónimos coas que traballamos), coidamos que se debe ter en conta o importante número de formas hipocorísticas, un total de 65 ocorrencias para seis hipocorísticos diferentes, que teñen o seu referente nos antropónimos de *María*, *Catarina* e *Xosefa* entre os cales, as formas de *María* representan o 70% do total.

A influencia da relixión católica na antroponimia que aparece no cancionero é moi importante, non só por moitos dos nomes referidos a persoas do común provir desta crenza, senón porque a presenza dalgunhas denominacións está exclusivamente vinculada a aparición das santas de tal nome nas cantigas. Así, o 35% das ocorrencias son de carácter relixioso; a maioría dos nomes das figuras relixiosas están baixo a forma española ou a coincidente con esta: *Carmen*, *Dolores*. Porén, aínda que o número de ocorrencias de nomes en galego sexa cuantitativamente inferior, varias figuras relixiosas cuxo culto vén de antigo, aínda conservan o nome autóctono; *Baía* ou *Mariña* son exemplo de como na oralidade os nomes de determinadas santas seguiron a ser empregados con normalidade.

Desde un punto de vista sociolingüístico, podemos observar como o español estaba asentado na sociedade galega do XIX, mesmo aparecendo cantigas con partes elaboradas na lingua foránea. Aínda que o comportamento canto á utilización dos antropónimos non é homoxéneo e habería que estudar cada nome individualmente, temos casos que realmente dan clara mostra de como as formas alleas á nosa lingua xa se introduciran na sociedade galega, xa non para se referiren a santas ou figuras do mundo relixioso, senón tamén para designaren individuos particulares. Os nomes españois ou coincidentes con lingua de Castela son en moitos casos os únicos que aparecen: *Benita* ou *Teresa* substitúen *Bieita* ou *Tareixa*. En menor medida atopamos nomes cuxas ocorrencias están maioritariamente baixo a forma galega: *Sabela*, *Xacoba* e, sobre todo, *Xoana*, o terceiro nome de máis uso no cancionero popular galego do século XIX e que rexistramos sempre coa forma autóctona. De todos os xeitos teñamos en conta que, dentro das designacións exclusivamente persoais, case un terzo das ocorrencias corresponden aos dous nomes de máis uso, *María* e *Rosa*, en que xa non hai posibilidade de españolización.

O cancionero é unha importante fonte que, cotexada con outros estudos, pode sernos de grande axuda para o estudo da evolución no uso dos antropónimos. Os nomes que designan as persoas ao longo da historia poden darnos indicios sobre a sociedade na que viven, de que influencias bebe, así como a maior ou menor castelanización dos nomes segundo as épocas. Se durante o XIX podemos dicir que os nomes españois xa entraran plenamente na nosa ligua (por exemplo *Pilar* ou *Dolores*), no século XX a españolización segue o seu curso, sobre todo no franquismo, aínda que actualmente a presenza de nomes autóctonos vai en aumento, feito que esperamos continúe.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Albaigès, Josep M. (1995): *Enciclopedia de los nombres propios* (Barcelona: Planeta)
- Blanco Pérez, D. (1992): *A poesía popular en Galicia 1745-1885* (2 tomos) (Vigo: Xerais).
- Boullón Agrelo, A.I. / Tato Plaza, F.R. (1998/1999): «Personal names in Galicia as a sign of cultural identification: historical scope and current situación», *Onoma* 34, 15-44.
- Cordeiro Moledo, C. / Varela Pombo, S. (1999): «Aproximación á onomástica persoal de Cangas do Morrazo no século XVIII», *Cadernos de Lingua* 20, 85-96.
- Feixo Cid, X. (2003): *Dicionario galego dos nomes* (Vigo: Xerais)
- Ferro Ruibal, X. (dir.) (1992): *Diccionario dos nomes galegos* (Vigo: Ir Indo)
- Hermida, C. (1990): «Contribución á caracterización sociolingüística da segunda metade do século XIX», *Cadernos de Lingua* 1, 57-78.
- I. N. E.: *Demografía y población* (<http://www.ine.es/daco/daco42/nombyapel/nombyapel.htm>)
- Lema Suárez, X. M. (1993): «Os nomes de persoa dunha parroquia rural galega: Berdoias (1607-1760)», *Cadernos de Lingua* 8, 117-134.
- (2004): «Nomes de persoa de Berdoias (A Coruña), de 1761 a 1860», en Álvarez Blanco, R. / Fernández Rei, F. / Santamarina, A. (eds.): *Lingua galega. Historia e actualidade. Actas do I Congreso Internacional. 16-20 setembro de 1996* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 483-515).
- Méndez Ferrín, X.L. (2007): *Consultorio dos nomes e dos apelidos galegos* (Vigo: Xerais).
- Muñío Naveira, S. (2006): «Algunhas cuestións sobre a antroponimia betanceira», *Anuario Brigantino* 29, 185-196.
- Saavedra, P. (1991): «O papel da Igrexa na evolución da Galicia Moderna», *A Trabe de Ouro* 8, 29-48.
- Sánchez Rei, X.M. (2006): *A lingua galega no cancionero de Pérez Ballesteros* (Santiago de Compostela: Laiovento)
- Sanmartín Rei, G. (2003): «A lingua literaria decimonónica (I): o contexto sociolingüístico», en Maleval, M. A. Tavares / Salinas Portugal, F. (orgs.): *Estudos Galego-Brasileiros* (Rio de Janeiro: Comunicação, 49-78).
- Santamarina, A. (2005): «Viaxe pola onomástica galega», *A trabe de ouro* 62, 155-182.

**APÉNDICE: NOMES FEMININOS**

A seguir, presentamos a relación de nomes, por orde alfabética, de que demos conta nesta investigación. Para a correcta interpretación dos datos, cómpre ter en conta as seguintes indicacións:

En letra negra poremos o nome normativo en galego, apareza ou non esa forma no cancionero. A seguir exporemos as diferentes formas que se rexistran nas cantigas.

As formas en español, é dicir aquelas que non están recollidas no dicionario de Ferro Ruibal ou no de Feixo Cid, estarán marcadas en letra itálica. Non consideramos formas españolas aquelas que teñen unha forma autóctona galega diferente mais que tamén son consideradas propias do país, por exemplo: *Antón-Antonio*.

Tense moi en conta o tratamento ou a designación que poida ir acompañando cada nome e así se reflectirá neste corpus: *san, don* etc. Con isto pretendemos ofrecer con máis claridade os casos en que o nome aparece vencellado a contextos relixiosos e tamén que tipo de formas se empregan en cada caso; é dicir, se a forma española ou a galega. Deste xeito, diferenciamos as ocorrencias de carácter relixioso das profanas. De non ter ningunha designación concreta enténdese que son rexistros de usos profanos.

Aqueles nomes que apareceren baixo a forma en diminutivo irán subliñados.

Nos nomes compostos diferenciamos entre nome principal (NP) e nome secundario (NS), segundo aparecer en primeiro ou segundo lugar respectivamente.

Os números entre parénteses correspóndese coa numeración que as cantigas teñen na obra de Domingo Blanco.

**ANA**

Ana: 257/ 2091/ 2451 (NP).

Ana (santa): 119/ 257/ 1175.

Anas (pl.): 1784.

Manuela: 1813 (NS)/ 2474/ 2386 (NS).

Manueliña: 1219.

Manoeliña: 3102.

**ANTONIA**

Antonia: 1048 (NS, señora)/ 1167 (NS)/ 2655

(NS)/ 3369 (NS)/ 3688 (NS).

Antonias (pl.): 1224/ 1784.

**MARÍA**

María: 412/ 466/ 766/ 870/ 950 (NP)/ 961

(NP)/ 970/ 1048 (NP)/ 1167 (NP)/ 1276/

1311/ 1353/ 1813 (NP)/ 1881/ 1981/ 2013

(NP)/ 2400/ 2451 (NS)/ 2655 (NP)/ 2660/

2758/ 3044/ 3064/ 3103/ 3191/ 3286/ 3299/

3322/ 3369 (NP)/ 3444/ 3665 (X2)/ 3671/

3677 (NP)/ 3688 (NP)/ 3689/ 3713/ 3754/

3828.

Marías (pl.): 1224/ 1784.

María (santa): 1321/ 1327/ 1803/ 1887/ 2603/

2662/ 2966/ 2967 (NP)/ 3678.

María (virxe): 1331/ 1825/ 1915/ 2732.

Marías (pl. santas): 1332/ 1343/ 2733.

**MANUELA**

Manoela: 1614/ 1615/ 3102/ 3229/

**MARIANA**

Mariana: 119/ 131/ 934/ 1761/ 2365/ 2724/  
3295.

Marianiña: 934.

**MARTA**

Marta: 3665.

Marta (santa): 315/ 920/ 1068/ 1294/ 1325/  
2581/ 2733.

**ROSA**

Rosa: 693/ 788/ 950(NS)/ 964/ 1288/ 2537/  
2737/ 2802 (NP)/ 3024/ 3483/ 3514/ 3698.

Rosiña: 445/ 788/ 852/ 1096/ 1140/ 1264/  
2016/ 2031/ 2079/ 2537/ 2728/ 2791/ 3024/  
3483.

Rosariña: 3655.

**ISABEL**

Isabel (santa): 257.

Sabela: 446/ 1345.

Sabeliña: 446/ 803/ 1345/ 3527.

**TERESA-TAREIXA**

Teresa: 912/ 2453/ 2481/ 2494/ 3134.

Teresiña: 1360/ 3134.

**XOANA**

Xuana: 1340/ 1774/ 1775/ 3129/ 3821.

Xoana: 1333 (NS)/ 1809.

Xuaniña: 399.

Xoaniña: 1507/ 1767/ 1775/ 2486.

Xoaneira: 1775/ 2486.

**Compostos**

María Adina (santa): 2967.

María Antonia: 1048 (señora)/ 1167/ 2655/  
3369/ 3688.

María Benita: 2013.

María do *Carmen*: 961/ 3677.

María Manuela: 1813.

Mariquiña Manuela: 2386.

María Rosa: 950.

Pepa Xoana: 1333.

Pepa Rosa: 2802.

Ana María: 2451.

**HIPOCORÍSTICOS DOS NOMES  
RELACIONADOS ANTERIORMENTE**

Marica: 256/ 304/ 1585/ 1681/ 2839/ 3072/  
3360/ 3688/ 3856.

Mariquiña: 129/280/ 281/ 723/ 1333/ 1519/  
2386 (NP)/ 3811.

Maruxa: 332/ 772/ 1122/ 1821/ 3525.

Maruxiña: 120/ 142/ 152/ 701/ 715/ 717/ 765/  
801/ 1222/ 1821/ 2490/ 2703/ 2769/ 3136/  
3155/ 3157/3197/ 3297/ 3525/ 3613/ 3757/  
3889.

Marruxiña: 1392. Posíbel erro tipográfico

Marinuca: 3684.